

O 24 de febreiro “día R” (de Rosalía Castro)

Velaí un día de celebrar con intensidade todas e todos. Un día de poñer en vivo e activo á nosa poeta nacional, a cal no seu tempo deu mostras inquívocas da nosa orixe, da nosa diferenza, da nosa identidade plena e incuestionable. E así nós imos cantala na Lingua que falamos (a Galega pois...ou?). Rosalía, como así manifesta a Asociación de Escritores en Lingua Galega, é a escritora máis representativa da nosa lingua e da nosa literatura. Ela en vida e obra sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma (o galego) e así o acabarse dos séculos de silencio e de esquecemento para este noso Pobo. Celebrémola desde quen somos e firmemente cando xa imos a cento setenta e cinco anos do seu nacemento en Compostela. Facelo conleva unha actitude persoal de fonda crencia e de militancia neste noso Pobo, que así irá a paso de solidez e baseado en certo, cara o que sempre desexa para sentirse en plena determinación de vida e de futuro.

Dicir tamén que sería boa cousa a sentir de gozo estradense e nesta terra que é parada e camiño de Galicia, que a nosa representación municipal, a nivel político, o noso Concello proclamase esta data como “día de Rosalía”. A nosa cidadanía estaría contenta de que así fose. Nisto non debería haber protagonismos e si pola contra responsabilidades de ser e de exercer para que en feito de aportar teñamos a vivencia obriga de sermos un algo máis.

Ben sabemos que a memoria debe estar alerta, teimando en recordar e celebrar, para que as tachaduras e riscados sexan o que deban ser e non calqueras para facer ver comenencias absurdas e de mala xustificación, pois coa memoria non se xoga, nin se manipula a historia. A memoria hai que exercela e moi claramente para esvaír escuridades de noutroza e alumar tanta mentira que tamén tanto nega. Os retrovisores non poden estar rotos, nin feitos anacos. A saúde democrática pasa polo recordar e recoñecer, pasa polo contraste limpo que dea clarificacións. Iso tamén deben sabelo os servidores da cidadanía.

Nin X-L. Méndez Ferrín, nin Otero Pedrayo, nin Castelao, nin García Barros, nin Rosalía, por dicir algúns, ben sabemos que non nos farán máis demócratas do que somos. Tampouco menos crápulas do que poidamos ser por propios méritos. Pero algo nos han dar no que sentimos para mirarnos e diso ao mellor sacar conclusións. Conclusións e razóns de ben que tiñamos olvidadas, mesmo riscadas, ou acubilladas por non consideralas oportunas ou de comenencia. Todo pode ser.

Velaí pois un (24 f) día de celebrar con intensidade todas e todos (un día R), pois Rosalía devolveu aos devanceiros un pensamento nacional, galego, que estaba adormecido durante séculos para colocalo de novo na rolda das culturas europeas. Ela é a man acolledora que vincula o pasado co futuro, mentres fai de nós presente.

david otero, mestre escritor.